

MANUAL DO ALUMNO

Curso de prevención de trastornos
musculoesqueléticos para traballadores
do sector da conserva de atún



RuralEs
Programa de Desarrollo Rural Sostenible

GALICIA
inviste no **RURAL**



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE



**XUNTA
DE GALICIA**



Instituto Galego
de Seguridade
e Saúde Laboral

Autor: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)

Edición: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)

Casa da Parra - Praza da Quintana, s/n
Santiago de Compostela
issga.xunta.es

Santiago de Compostela, abril 2015



© ISSGA. Xunta de Galicia.

Curso de prevención de trastornos musculoesqueléticos para
traballadores do sector da conserva de atún

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón:
<http://issga.portal/contido/documentacion/publicacions/>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución-CompartirIgual 3.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia da licenza, visite:
https://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.es_ES

ÍNDICE

MÓDULO 0

Obxectivo do curso	5
--------------------------	---

MÓDULO 1 – Prevención Integral de TME

[1.1] Introducción aos TME

1.1.1. Definición e tipos de TME	8
1.1.2. Principais TME no ámbito laboral	9
1.1.3. A orixe natural dos TME	10
1.1.4. Impacto socioeconómico en Europa e España	11

[1.2] Causas dos TME

1.2.1. Factores de risco de aparición dos TME	13
1.2.2. Risco de TME asociado ao posto de traballo	13
1.2.3. Sensibilidade dos traballadores aos riscos de TME	14
1.2.4. Risco global de TME	15

[1.3] Como reducir os TME

1.3.1. Como reducir os TME	17
----------------------------------	----

[1.4] Preguntas a debate

MÓDULO 2 – Prevención TME no sector de conserva de atún

[2.1] Introducción aos TME no sector


2.1.1. Cadea de valor do sector	21
2.1.2. Principais riscos do sector e efectos sobre a saúde	24

[2.2] Estudo de riscos de TME no sector

2.2.1. Identificación do posto de traballo con risco de TME	28
2.2.2. Estudo de niveis e factores de risco biomecánico en cada posto de traballo	33
2.2.3. Resumo de risco de TME en cada rexión corporal e posto de traballo	53
2.2.4. Resumo de factores biomecánicos de risco de TME en cada posto de traballo	55

[2.3] Prevención de TME no sector

2.3.1. Exercicios de estiramento e quecemento	58
2.3.2. Exercicios de acondicionamento físico	62
2.3.3. Guía de criterios e boas prácticas para a prevención de TME (15 consellos útiles)	66



MÓDULO 0

Obxectivo do curso

OBXECTIVO DO CURSO

Os trastornos musculoesqueléticos (TME) son hoxe en día (xunto coa sinistralidade) o maior problema da saúde laboral, e comportan un forte impacto social, que ademais chega a supoñer grandes perdas económicas en Europa. Esta situación afecta directamente as empresas, a sociedade e o propio traballador, e supón un dos principais retos da saúde pública no século XXI.

En resposta ao problema socioeconómico que están a supor os TME en Galicia, ***o ISSGA desenvolveu, en colaboración con UMANA, un programa de formación sectorializado para a prevención de TME nos sectores estratéxicos da nosa comunidade***, baseado na análise biomecánica dos postos de traballo, e co obxectivo de promocionar e potenciar:

- a concienciación e a información aos traballadores,
- a sensibilización e a formación do persoal de prevención, e
- a divulgación da cultura preventiva no ámbito laboral da comunidade galega.

Consecuentemente, e debido ao ***especial valor estratéxico do sector das conservas de atún na nosa comunidade***, o ISSGA desenvolveu un exhaustivo estudo das actividades profesionais realizadas polos seus traballadores e traballadoras.

Precisamente a eles diríxese este curso co obxectivo de dar resposta á problemática de saúde laboral nun sector caracterizado por estar moi feminizado e por presentar riscos específicos de trastornos musculoesqueléticos (TME).

En definitiva, ***este curso pretende divulgar dun xeito sinxelo as medidas básicas para a prevención de TME entre os traballadores e traballadoras do sector, e achegar ademais as chaves da prevención integral aos responsables de persoal e produción, e aos técnicos de prevención das empresas.***



MÓDULO 1

Prevención Integral de TME



[1.1] Introdução aos TME

1.1.1. DEFINICIÓN E TIPOS DE TME

¿Que son os TME?

Os trastornos musculoesqueléticos, TME de aquí en diante, son un conxunto de alteracións sobre cuxa denominación nin sequera os científicos se poñen de acordo. Abranguen un amplo abano de signos e síntomas que poden afectar distintas partes do corpo: mans, pulso, cóbados, caluga, costas, así como distintas estruturas anatómicas: ósos, músculos, tendóns, nervios, articulacións.

Estas alteracións non sempre poden identificarse clinicamente: dado que o síntoma clave, a dor, é unha sensación subxectiva e representa moitas veces a única manifestación. A súa orixe, debido a múltiples causas, e o seu carácter acumulativo ao longo do tempo engaden dificultades a unha definición precisa.

Os TME maniféstanse (dun xeito xeral) en tres etapas:

- **1ª etapa** - Aparece dor e cansazo durante as horas de traballo, desaparecendo fóra deste. Non se reduce o rendemento no traballo, pode durar semanas e ata meses. É unha etapa reversible, ata se pode aliviar a causa mediante medidas ergonómicas.
- **2ª etapa** - Os síntomas aparecen ao empezar o traballo e non desaparecen pola noite, alterando o sono e diminuindo a capacidade de traballo repetitivo. Esta etapa persiste durante meses. Ás veces require tratamento médico.
- **3ª etapa** - Os síntomas persisten durante o descanso, e aparece dor ata con movementos non repetitivos. Faise difícil realizar tarefas, ata as máis triviais. Esta etapa pode durar meses ou anos. Faise necesaria a atención médica.



Este grupo de enfermidades dáse con gran frecuencia en traballos que requiren unha actividade física importante, pero tamén aparece noutros traballos como consecuencia de malas posturas sostidas durante longos períodos de tempo (máis adiante afondarase nos factores de risco dos TME). Entre as persoas en idade laboral, as afeccións musculoesqueléticas son a enfermidade profesional máis frecuente, constitúen unha causa corrente de discapacidade laboral de longa duración, e por tanto representan un grave problema para as persoas afectadas, así como enormes consecuencias económicas para a sociedade.

1.1.2. PRINCIPAIS TME E LME NO ÁMBITO LABORAL

No presente apartado preténdese ofrecer unha visión global de todos os tipos de TME que prevalecen no colectivo dos traballadores con independencia do seu sector.

PESCOZO

Síndrome de tensión cervical
Tortícole
Hernia discal

OMBRO

Ombro conxelado
Tendinite do manguito de rotadores
Síndrome da saída torácica

CÓBADO

Epicondilite
Epitrocleite
Síndrome do pronador redondo
Síndrome do túnel radial
Tendinite
Tenosinovite do extensor
Bursite de cóbado

COLUMNA DORSO-LUMBAR

Hernia discal
Dorsalxia
Lumbalxia
Lumbociatalxia

MAN-PULSO

Síndrome de Quervain
Síndrome de túnel carpiano
Síndrome de canal de Guyón
Dedo en maza
Contractura de Dupuytren
Síndrome do escritor
Síndrome de Raynaud
Tendinite
Quiste sinovial
Dedos en resorte
Tenosinovite dixital

XEONLLO

Bursite
Meniscopatía

NOCELLO

Tendinite do tendón de Aquiles




Figura 1.1. Esquema de principais TME por rexión corporal no ámbito laboral

1.1.3. A ORIXE NATURAL DOS TME

En calquera caso, non debemos esquecer que os TME posúen en certa medida unha orixe natural, debido a 3 factores principalmente:

[1] A especie humana ten un corpo “paleolítico”

A especie humana sufriu un proceso de evolución por selección natural dende hai millóns de anos, segundo o cal adquirimos as características físicas e anatómicas que posuímos actualmente. Non obstante esta adaptación ao medio levouse a cabo sobre un contorno natural e un estilo de vida de subsistencia, moi lonxe do mundo que actualmente coñecemos.

[2] A medicina “debilita” a especie

Afortunadamente para todos nós, o desenvolvemento dos coñecementos de medicina e ciencias da saúde permitiunos salvar a moitos “exemplares” da nosa especie, que en tempos pasados terían perecido por selección natural. Non obstante, este feito implica tamén un “debilitamento” da especie (rógase non malinterpretar moralmente a obxectividade deste feito).

[3] O estilo de vida actual debilita o corpo

Dende que a especie humana dominou a agricultura e conseguiu deste xeito producir un excedente alimentario (do que deriva a riqueza) foron moitas as civilizacións que existiron todo ao longo e ancho do planeta. A sociedade actual contribúe a un estilo de vida cada vez máis sedentario, tanto é así que o “envellecemento activo” resulta ser hoxe un dos principais retos da saúde pública.

É certo que unha porcentaxe da poboación posúe unha condición física extraordinaria (os deportistas), pero son unha porcentaxe moi pequena, cando en realidade a maioría da poboación posúe limitacións enormes para o desenvolvemento de actividades físicas prolongadas e/ou intensas.

Consecuentemente, a existencia de TME entre os traballadores dos diversos sectores produtivos na actualidade, resulta ser unha consecuencia natural e directa do proceso de desligazón que hai relativamente pouco sufriron a nosa evolución biolóxica e a nosa evolución social. Todo o cal invita a realizar todos os esforzos posibles para paliar os seus efectos entre a poboación traballadora.

1.1.4. IMPACTO SOCIOECONÓMICO EN EUROPA E ESPAÑA

Os trastornos musculoesqueléticos (TME) son a enfermidade profesional máis común en Europa.

De xeito aproximado, pódese establecer que un 25 % dos traballadores europeos se queixa de dores de costas e declara ter dores musculares. O 66 % dos traballadores da Unión Europea está exposto durante unha cuarta parte do tempo ou máis a movementos repetitivos de mans e brazos, o 50 % a posturas dolorosas ou extenuantes e o 33 % transportan ou moven cargas pesadas.

Os TME en España reflicten unha incidencia epidemiolóxica que os sitúa en torno ao décimo lugar nas causas de incapacidade. Os TME supoñen un 80 % das enfermidades profesionais comunicadas, siguen ascendendo en número de baixas laborais que se solicitan, e ocupan o primeiro lugar en canto á duración media dos procesos por incapacidade laboral temporal.


A Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo, a Comisión Europea e a Confederación Europea de Sindicatos, así como o resto de organismos estatais de función e actividade afín, elevaron nos últimos anos o ton de alerta ao respecto, difundindo informes que proban a urxencia de emprender accións que palíen os efectos sociais e económicos que o problema está xerando a escala europea.

Cada ano, e con carácter multi-sectorial, millóns de traballadores europeos padecen trastornos musculoesqueléticos que deparan baixa laboral, e son producidas ou agravadas por esta actividade. A situación provoca perdas económicas na empresa, na sociedade e no propio traballador:

- | | |
|-------------------------------|---|
| [1] para o traballador | diminución dos ingresos, aumento dos gastos farmacéuticos e asistenciais... |
| [2] para a empresa | perdas de produtividade, substitución do traballador de baixa, indemnizacións... |
| [3] para a sociedade | prestacións económicas de incapacidade temporal ou permanente por continxencia, gastos por ingresos hospitalarios, intervencións, consultas, prestación farmacéutica... |

Os datos dos efectos socioeconómicos deste fenómeno son alarmantes. Os estudos realizados actualmente nos diferentes Estados membros estiman que o 50 % das perdas económicas relativas a problemas de saúde relacionados co traballo se deben a trastornos musculoesqueléticos.

Aínda que non existen cifras concretas, o custo económico estimado polos Estados membros de todos os problemas de saúde relacionados co traballo oscila entre o 2,6 e o 3,8 % do PIB. E non debemos esquecer que cada ano se perden en Europa máis de 600 millóns de días laborables por causa de enfermidades de orixe laboral.



[1.2] Causas dos TME

1.2.1. FACTORES DE RISCOS DE APARICIÓN DOS TME

A causa dos TME no posto de traballo xorde (principalmente) de:

- a) Factores de risco ergonómicos e biomecánicos
 - Sobreesforzos (manipulación de cargas e/ou aplicación de forzas)
 - Movementos repetitivos
 - Posturas forzadas
 - Posturas estáticas
 - Vibracións
 - Precisión
- b) Factores de riscos organizativos
 - Horarios excesivos
 - Ritmo elevado de traballo
 - Falta de descansos
 - Esixencia psicolóxica

1.2.2. RISCO DE TME ASOCIADO AO POSTO DE TRABALLO

Dun xeito gráfico pódese representar o nivel de risco asociado ao posto de traballo como un “círculo de risco”, de xeito que canto maior é o nivel de risco maior é o tamaño do círculo. O nivel de risco asociado ao posto de traballo queda por tanto cuantificado por un círculo de risco cuxo tamaño depende da suma dos riscos introducidos por cada un dos factores ergonómicos-biomecánicos e organizativos-psicosociais. Para maior claridade, este círculo pódese representar como a superposición de círculos concéntricos vencellados a cada un dos mencionados factores de risco (ver figura).




Figura 1.2. Círculo de risco de TME asociados ao posto de traballo

1.2.3. SENSIBILIDADE DO TRABALLADOR AOS RISCOS DE TME

Dun xeito gráfico pódese representar a sensibilidade ao risco do traballador como un “círculo de risco”, de xeito que canto maior é a sensibilidade maior é o tamaño do círculo.

Para maior claridade, este círculo pódese representar como a superposición de círculos concéntricos vencellados a cada un dos mencionados factores de sensibilidade ao risco (ver figura).




Figura 1.3. Círculo de sensibilidade do traballador aos riscos de TME

Ao respecto hai que destacar que un estudo realizado pola Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo [no ano 2005], establece que os 2 primeiros factores individuais de sensibilidade ao risco de TME son:

- a **idade** dos traballadores (xa que existe maior risco de TME canto maior é a idade dos traballadores e traballadoras)
- a **capacidade física** dos traballadores, anque obviamente cuantificar a capacidade física dunha persoa non é tarefa sinxela nin inmediata.

1.2.4. RISCO GLOBAL DE TME

O risco global de TME é o risco ao que se somete a un traballador concreto (caracterizado polo seu círculo de risco de factores individuais) nun posto de traballo determinado (caraterizado polo seu círculo de risco de factores ergonómicos-biomecánicos e organizativos-psicosociais). Dun xeito gráfico pódese representar o nivel de risco global de TME como a intersección existente entre ambos os dous círculos, de xeito que canto maior é a superficie de intersección, maior é o nivel de risco.



Figura 1.4. Risco global de TME

De feito, nun estudo baseado no xuízo de expertos europeos sobre os riscos emerxentes asociados aos TME [Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo], concluíuse que entre os 10 factores de risco máis importantes, se atopan algún dos xa mencionados:

FACTOR BIOMECÁNICO - Combinación da exposición a distintos factores

FACTOR BIOMECÁNICO – Manipulación de cargas e aplicación de forzas

FACTOR BIOMECÁNICO - Posturas estáticas

FACTOR BIOMECÁNICO - Movements repetitivos

FACTOR BIOMECÁNICO - Posturas forzadas

FACTOR ORGANIZATIVO - Xornadas laborais con horarios excesivos

FACTOR ORGANIZATIVO - Ritmo de traballo elevado

FACTOR INDIVIDUAL - Idade elevada

FACTOR INDIVIDUAL - Capacidade física



[1.3] Como reducir os TME

1.3.1. COMO REDUCIR OS TME

Segundo o exposto no apartado anterior, para reducir o nivel de risco de TME dun traballador nun posto de traballo hai que reducir a intersección dos círculos de risco asociados tanto ao posto de traballo como ao traballador.





Figura 1.5. Risco global de TME asociados a un traballador nun POSTO DE TRABAJO

Para conseguir reducir o nivel de risco de TME (intersección) existen 4 vías complementarias:

- **Ergonomía dos postos de traballo**
(para detectar o nivel de presenza, nos postos avaliados, de factores de risco que poden ocasionar nos traballadores problemas de saúde de non se adoptar medidas preventivas, que é unha obriga do empresario)
- **Acondicionamento de traballadores**
(para reducir a sensibilidade aos riscos de TME dos traballadores)
- **Ergonomía organizacional**
(para reducir a influencia dos riscos dos postos de traballo sobre os traballadores)
- **Formación**
(para potenciar a efectividade e eficiencia das 3 vías anteriores)



[1.4] Preguntas a debate

6 preguntas clave

- 1** ¿Por que son os TME o problema de saúde laboral que tardou máis en aflorar, a pesar de supor un maior custo económico que a seguridade (accidentes de traballo) e a hixiene?
- 2** ¿Pódese demostrar a correlación dun TME coas actividades laborais? ¿Que limitacións existen e por que?
- 3** ¿Que factores de risco son máis facilmente erradicables: os ergonómicos, os organizativos ou os individuais?
- 4** ¿Que vía de prevención é máis efectiva: ergonomía dos postos de traballo, acondicionamento de traballadores, ergonomía organizacional ou formación?
- 5** ¿É asunto da empresa o acondicionamento dos traballadores? ¿Canto se gasta unha empresa anualmente no mantemento preventivo da maquinaria?
- 6** ¿Son as 4 vías de prevención independentes entre si?



MÓDULO 2

Prevención de TME no sector



[2.1] Aproximación aos TME no sector

2.1.1. CADEA DE VALOR DO SECTOR

Na táboa seguinte amósanse as denominacións e codificación de:

- Procesos
- Tarefas
- Subtarefas
- Movementos-posturas

que caracterizan a totalidade do proceso produtivo tipo das PEMES de conserva de atún (excluíndo aquelas actividades que non son específicas do sector, como por exemplo as tarefas de almacen). Estas PEMES posúen 2 procesos produtivos, case idénticos, en función da orixe do peixe:

- Proceso de Atún Nacional
- Proceso de Atún Importado

Como se pode observar, no esquema e táboa seguinte, o proceso tipo foi caracterizado para o caso de atún nacional. O proceso de atún importado so inclúe unha tarefa extra con risco de TME (19. Engrellado de lombos), que foi incluída ao final da táboa.




Figura 2.1. Esquema resumen da cadea de valor nunha fábrica do sector da conserva de atún.

TAREFA	SUBTAREFA		MOVEMENTO/POSTURA		
Descarga de Atún	1	Movemento de carro con carretilla elevadora	1.1	Desprazar carro con carretilla elevadora (do almacén ata zona de lavado)	1.1.1
		Lavado de carros	1.2	Arrastrar manguera ata zona de lavado	1.2.1
				Lavar carros	1.2.2
				Recolleer manguera	1.2.3
		Movemento do carro con carretilla elevadora	1.3	Desprazar carro con carretilla elevadora (da zona de lavado ata a cinta de descarga)	1.3.1
		Recolocación do atún con gancho	1.4	Recolocar atún no carro con gancho	1.4.1
				Subir a tolva	1.4.2
				Desprazar atún na tolva con gancho	1.4.3
		Movemento do carro con carretilla elevadora	1.5	Desprazar carro con carretilla elevadora (da zona de descarga ata cámara de conxelación)	1.5.1
				Movemento do carro con carretilla elevadora	1.6
Corte de Atún	2	Recepción de atún para corte	2.1	Colocar atún co gancho na tolva	2.1.1
				Cortar cinta cola de atún	2.1.2
				Colocar atún co gancho na cinta transportadora	2.1.3
		Corte do atún en pedazos grandes	2.2	Lavar carro	2.1.4
				Coller atún	2.2.1
				Cortar atún en pedazos grandes	2.2.2
		Corte do atún en pedazos pequenos	2.3	Empuxar pedazos grandes de atún	2.2.3
				Coller pedazo grande de atún	2.3.1
				Cortar pedazo grande en pedazos pequenos	2.3.2
				Empuxar pedazos pequenos de atún	2.3.3
Colocación do atún en grellas	3	Colocación de pezas de atún en grellas	3.1	Sacar grella baleira do carro	3.1.1
				Encher grella con pezas de atún	3.1.2
				Meter grella	3.1.3
Cocción de Atún	4	Cocción de Atún	4.1	Desprazar carro ata o cocedoiro	4.1.1
				Introducir carro no cocedoiro	4.1.2
				Extraer carro do cocedoiro	4.1.3
				Desprazar carro ata a cámara de conservación	4.1.4
				Colocación de Atún en Cinta	5
Poñer grella na báscula	5.1.2				
Pasar por escáner tarxetas de codificación	5.1.3				
Poñer grella na cinta	5.1.4				
Xirar carro 180º	5.1.5				
Desprazar carro baleiro á zona de lavado	5.1.6				
Reposición/ Extracción de Caixas/Grellas	6	Reposición/Extracción de Caixas/Grellas	6.1	Mover palé de caixas có traspalé dende zona lavado	6.1.1
				Colocar caixas baleiras limpas na cinta	6.1.2
				Desprazar palé baleiro á zona de lavado	6.1.3
				Colocar grellas baleiras sucias no carro	6.1.4
				Desprazar carro á zona de lavado	6.1.5
1ª Limpeza de Atún	7	1ª Limepza de Atún	7.1	Coller grella chea da cinta	7.1.1
				Volcar grella na mesa de traballo	7.1.2
				Colocar grella baleira na cinta	7.1.3
				Coller caixa baleira da cinta	7.1.4
				Limpar o atún	7.1.5
				Encher caixas có atún limpo	7.1.6
				Colocar caixas cheas na cinta	7.1.7
				Retirar desperdicios da mesa de traballo	7.1.8
2ª Limpeza de Atún	8	Repaso da Limpeza de Atún	8.1	Coller caixa chea da cinta	8.1.1
				Revisar e Limpar o atún de forma definitiva	8.1.2
				Tirar desperdicios	8.1.3
Pesado de Atún Neto	9	Pesado de Atún Neto	9.1	Poñer caixa na báscula	9.1.1
				Pasar por escáner tarxetas de codificación	9.1.2
				Colocar tarxetas en armario	9.1.3
				Colocar caixa no palé	9.1.4
				Desprazar palé á zona empacado	9.1.5
Empacado de Atún	10	Empacado de Atún	10.1	Coller caixa do palé	10.1.1
				Volcar caixa na repisa	10.1.2
				Colocar caixa baleira no palé	10.1.3
				Partir manualmente pezas de atún	10.1.4
				Empacar anacos de atún	10.1.5
				Levar palés con caixas baleiras sucias á zona de lavado	10.1.6
Inspección de Latas de Atún	11	Inspección de Latas de Atún	11.1	Inspección visual das latas	11.1.1
				Reempaque manual do atún nas latas que o precisen	11.1.2
				Extracción de latas defectuosas	11.1.3

curso	Prevención de TME no sector da conserva de atún				
Introdución de Tapas na Máquina de Enlatado	12	Introdución de Tapas na Máquina de Enlatado	12.1	Coller lote de tapas	12.1.1
				Colocar lote na máquina	12.1.2
				Cortar envoltorio do lote de tapas	12.1.3
				Retirar envoltorio	12.1.4
Enchedura de Carros para Esterilización	13	Enchedura de Carros para Esterilización	13.1	Arrastre de latas ó carro	13.1.1
				Colocación de separador de niveis de altura	13.1.2
				Pulsar accionador de cambio de nivel de altura	13.1.3
Esterilizado de Atún	14	Esterilizado de Atún	14.1	Desprazar carro cheo de latas ata o esterilizador	14.1.1
				Introducir carros no esterilizador	14.1.2
				Pechar porta do esterilizador	14.1.3
				Abrir porta do esterilizador	14.1.4
				Extraer carros do esterilizador	14.1.5
				Desprazar carros á zona de vaciado de auga	14.1.6
				Desprazar carros á zona previa ao empaketado	14.1.7
				Desprazar carros á zona de empaketado	15.1.1
Empaketado de Latas de Atún (Liña Semiautomática)	15	Carga de Latas na Máquina de Empaketado	15.1	Introducir carro na máquina	15.1.2
				Desprazar carro baleiro á zona de enchedura de carros	15.1.3
	Carga de Estuches na Máquina de Empaketado	15.2	Coller lote de estuches	15.2.1	
			Desprazar lote de estuches ata a máquina	15.2.2	
	Carga de Caixas de Cartón na Máquina de Empaketado	15.3	Colocar estuches na máquina	15.2.3	
			Cortar cincha de plástico	15.3.1	
			Coller lote de caixas	15.3.2	
			Desprazar lote de caixas á máquina	15.3.3	
			Colocar caixas na máquina	15.3.4	
Empaketado de Latas de Atún (Liña Manual)	16	Carga de Latas na Máquina de Empaketado	16.1	Desprazar carros á zona de empaketado	16.1.1
				Introducir carro na máquina	16.1.2
	Carga de Estuches na Máquina de Empaketado	16.2	Desprazar carro baleiro á zona de enchedura de carros	16.1.3	
			Coller lote de estuches	16.2.1	
			Desprazar lote de estuches ata a máquina	16.2.2	
			Colocar estuches na máquina	16.2.3	
	Marcación Manual de Caixas de Cartón	16.3	Coller lote de caixas do palé	16.3.1	
			Cortar cincha de plástico	16.3.2	
			Marcar lote e caducidade das caixas	16.3.3	
			Colocar caixa marcada en novo montón	16.3.4	
			Poñer lote de caixas na mesa de enchedura	16.3.5	
			Montar a caixa	16.4.1	
	Enchedura Manual de Caixas de Cartón	16.4	Encher a caixa con estuches	16.4.2	
			Pechar a caixa	16.4.3	
			Desprazar lote de caixas da mesa	16.4.4	
			Coller a caixa	16.5.1	
	Enchedura Manual de Palés	16.5	Desprazar a caixa ata palé	16.5.2	
			Colocar a caixa no palé	16.5.3	
			Embalado de Palé	16.6	
	Almacenado de Palés	16.7	Desprazar palé á zona de embalado con carretilla	16.6.1	
Colocar palé nas estanterías con carretilla elevadora			16.7.1		
Desprazamento de Materiais	17	Desprazamento de Materiais	17.1	Desprazar palé de tapas con carretilla elevadora	17.1.1
				Desprazar palé de estuches con carretilla elevadora	17.1.2
	Lavado de Carros	18.1	Desprazar palé de caixas con carretilla elevadora	17.1.3	
			Desprazar palé de rolos de embalaxe con carretilla	17.1.4	
			Colocar carro na máquina de lavado	18.1.1	
			Extraer carro ata a zona de repaso	18.1.2	
	Lavado de Grellas	18.2	Desprazar carro ata a zona de repaso	18.1.3	
			Repasar os carros con mangueira	18.1.4	
			Desprazar carro ata a saída da máquina de lavado	18.1.5	
			Extraer desperdicios das grellas	18.2.1	
			Extraer plástico das grellas	18.2.2	
			Colocar grella en cinta de lavado	18.2.3	
	Preparación de Carro con Grellas	18.3	Extraer grella da máquina de lavado	18.3.1	
			Colocar plástico na grella	18.3.2	
			Colocar as grellas no carro	18.3.3	
			Xirar carro 180º	18.3.4	
			Transportar palé cheo á zona de colocación en grellas	18.3.5	
	Lavado de Caixas	18.4	Colocar a caixa en cinta de lavado	18.4.1	
			Extraer a caixa da máquina de lavado	18.5.1	
	Preparación de Palé con Caixas	18.5	Colocar as caixas no palé	18.5.2	
Colocación de Lombos de Atún en grellas	19	Colocación de Lombos de Atún en Grellas	19.1	Colocar bolsa de lombos na mesa	19.1.1
				Cortar bolsa de lombos	19.1.2
				Poñer grella en carro	19.1.3
				Poñer bolsa de lombos en grella	19.1.4

2.1.2. PRINCIPAIS RISCOS DO SECTOR E EFECTOS SOBRE A SAÚDE

2.1.2.1 RISCOS DO SECTOR

Os riscos máis frecuentes do sector das conservas de pescados e mariscos son:

[1] Riscos de seguridade

- **Atropelos e golpes por carretillas elevadoras.** Debido á deficiente sinalización de seguridade nas vías de circulación e á escasa formación dos traballadores.
- **Instalacións especiais, como xeradores de vapor e de presión, caldeiras, aire comprimido, etc.** Estas instalacións poden xerar riscos de explosión, incendio, ruídos, elevadas temperaturas, etc. A maior parte destas instalacións teñen unha regulamentación técnica específica que é necesario coñecer e cumprir.
- **Caídas** có agravante da presenza de auga, humidade e posibles desperdicios de peixe. A humidade condénsase a temperaturas elevadas sobre superficies non absorbentes orixinando chans escorregadizos, co conseguinte risco de caídas.
- **Sobreesforzos** por manipulación manual de cargas, ciclos repetitivos e posturas forzadas.
- **Atrapamentos** por máquinas (etiquetadoras, transportadoras, etc.). Orixínase por partes móbiles desprotexidas da maquinaria, que permiten o acceso accidental do traballador.
- **Contactos con superficies quentes** (caldeiras de vapor, etc.) que orixinan queimaduras.
- **Contactos eléctricos** e risco de electrocución. As condicións ambientais de humidade presentes no sector favorecen o risco de electrocución e descarga.
- **Feridas e cortes** durante a manipulación de ferramentas e do propio produto. É frecuente cravar-se espiñas nas mans cando se manipula o peixe para a súa limpeza. Ademais son frecuentes os cortes polo emprego de coitelos e outras ferramentas manuais.



Figura 2.2 Os riscos de seguridade son elevados debido á inevitable manipulación de ferramentas e maquinaria, pero a prevención de accidentes ven reducindo a siniestralidade dende hai anos no sector.

[2] Riscos de hixiene e medios de traballo

- **Ruídos** xerados maioritariamente polas máquinas e a produción continua.
- **Temperaturas extremas e discomfort térmico.** A exposición a baixas temperaturas se produce nas cámaras de conservación, e a exposición a altas temperaturas se produce principalmente nos cocedoiros. Ademais da exposición a temperaturas extremas, hai que considerar as situacións de discomfort térmico, e dicir, situacións que xeran un malestar xeral sobre o traballador ao non ser a temperatura ambiente axeitada.
- **Humidade** que orixina discomfort e incomodidade, ao manterse a sensación de "mollado" que se acentúa coa exposición a baixas temperaturas.
- **Mala iluminación** en zonas de actividades que requiren unha atención visual especial.
- **Contacto directo cos animais e os seus despoños** que poden ser fonte de doenzas infecciosas ou parasitarias.

[3] Riscos ergonómicos e psicosociais

- **Espazos de traballo reducidos** que orixinan unha limitación da mobilidade natural do corpo, e que se agrava con factores como o mantemento de posturas forzadas e o escaso número de pausas.
